



---

CONCELLO DE CULLEREDO

---

Data.....: 22/08/2018 12:54:04

Registro : 2018 / 6272

---

Registro Xeral de Entradas

---

Enrique Antón Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte MOCION, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal,

### **Exposición de motivos**

Moito se leva falado nos últimos meses de infraestructuras comarcais. No caso de Culleredo temos escoitado que unha das opcións de comunicacións que defende o goberno municipal e que reitera cada vez que ten ocasión é a defensa da conexión da AC14 coa autoestrada A9 a través do proxecto VIAL18.

Ate onde sabemos, porque o consultamos varias veces ao anterior alcalde e tamén ao actual, ese proxecto foi devolto polo ministerio de Medio Ambiente ao Ministerio de Fomento por problemas de tramitación sobre impacto ambiental. A día de hoxe non se soubo máis.

En paralelo, temos consultado os documentos previos elaborados pola Xunta de Galiza ao respecto de comunicacións para a comarca e temos comprobado que incluían unha posible conexión da A9 con Albedro a través do espazo que ocupa hoxe a área de servizo de Almeiras. A estimación de custo para ese proxecto era de 2,5 millóns de euros.

O proxecto do VIAL18 era de 20 millóns de euros e segundo información proporcionada polo propio alcalde podería subir a 30.

Os orzamentos do estado para 2018, recolleron unha partida para o acceso á A9 de 2.5 millóns de euros.

En canto ás utilidades que proporcionaría unha ou outra opción, pensamos que deben ser estudadas e avaliadas con rigor. Así e todo, a opción do acceso a través da área de servizo de Almeiras, levaría a ter

1. un acceso directo desde a autoestrada ao centro do Burgo, e en consecuencia a toda a zona urbana de Culleredo e viceversa.
2. Un acceso directo ao aeroporto.
3. A posibilidade de usar ese acceso como circunvalación da xente que ven pola estrada de Almeiras (AC213) e ir directo para a cidade e os distintos destinos aos que leva a autoestrada, sen entrar no tráfico urbano de Culleredo.

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CULLEREDO

4. A funcionalidade de conectar desde a AC14 coa autoestrada, simplemente con recorrer 3 quilómetros máis dos que serían tendo ese acceso polo hipotético VIAL18.
5. Menor impacto no territorio que o VIAL18.
6. Menor custo financeiro.

Polo exposto, rogamos que se admita a trámite e debate polo Pleno da Corporación e a adopción dos seguintes

### ACORDOS

1. Que se demande da Xunta de Galiza e do Ministerio de Fomento, a realización dun estudo rigoroso das alternativas da autoestrada A9 co entorno do aeroporto de Albedro e a AC14.
2. Que se publiquen os proxectos e as fortalezas e debilidades de cada un dos proxectos así como das oportunidades e ameazas que supoñería cada opción.
3. Que unha vez publicado se proceda a realizar a escolla que proceda para dar o servizo que levamos tanto tempo demandando desde Culleredo.



Culleredo 22 de Xuño de 2018

Enrique Antón Chouciño Garrido